

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA E TELEMÁTICA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 29 DE DECEMBRO DO 2020.****Sesión 16/2020-P**

<p style="text-align: center;"><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p style="text-align: center;"><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p style="text-align: center;"><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>D^a María Pilar Taibo Fernández (SM) D. Xosé Fernando Fariña Andrade (SM) D^a Rebeca Mouriño Neira (SM) D^a Ana Paola Mondaca González (SM) D. María Luisa Rúa Prieto (SM) D^a María Soraya Salorio Porral (PP) D^a María José García Freire (PP) D. José Luis Tellado Villares (PP) D. José Luis García Pazos (PP) D. Alberto Manuel García Cotelos (PP) D^a María Pardo Fafián (PSOE) D. Ramiro Blanco Montero (PSOE) D^a Isabel Reimúndez Suárez (BNG) D^a Laura Rodríguez Pena (BNG) D^a María Nogareda Marzoa (AV) D. Breogán Blanco González (AV)</p> <p style="text-align: center;"><u>INTERVENTOR</u></p> <p>D. Jaime Presas Beneyto</p> <p style="text-align: center;"><u>SECRETARIO ACCIDENTAL</u></p> <p>D. Juan Esteban Méndez Leiva</p>	<p>No territorio español, sendo as 20.00 horas do día martes 29 de decembro do 2020, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido polo secretario accidental da Corporación, D. Juan Esteban Méndez Leiva, quen dá fe do acto, reúnen-se por vídeo-conferencia a través da aplicación Zoom os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria e telemática prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte Orde do Día.</p>
--	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, lembrando que correspondía facer esta sesión plenaria o 31 e se adiantou a hoxe, sendo un Pleno Ordinario e Telemático do Concello de Sada, e cédelle a palabra ao Secretario Accidental, quen pregunta para os efectos do art. 46.3 da Lei 7/1985 se hai algún concelleiro que se atope fóra do territorio nacional sen que ninguén conteste en sentido afirmativo, polo que queda validamente constituído o Pleno.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (SESIÓN NÚM. 15/2020).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación presentes se teñen que formular algunha observación á acta da sesión núm. 15/2020, do 14/12/2020.



A sra. Salorio Porral bota en falta a acta núm. 14/2020.

O sr. Secretario Accidental respóndelle que non está rematada, que a tentou rematar pero non puido, e que a acta seguinte vén dado que existe un punto da Orde do Día, o segundo, que está relacionado con ela.

Non habendo máis intervencións, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión núm. 15/2020, do 14/12/2020, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

2º.- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR CONTRA ACORDO PLENARIO DO 20.07.2020 (EDIFICIO NÁUTICO).

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral núm. 12/2020, do 22 de decembro, que recolle:

<<Resolución do recurso de reposición contra o acordo plenario do 20/07/2020, derrubo da cafetería Náutico.

Visto o acordo da sesión plenaria extraordinaria do 20/07/2020, que literalmente sinala (expediente TEdEC2020/G010/000007):

“Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte ACORDO:

O bordo litoral de Sada precisa de reordenación, acondicionamento e accesibilidade, a posta en valor para unha mellor integración litoral-espazo urbanizado, e unha recuperación dos valores ambientais e paisaxísticos, polo que é necesaria a redacción dun estudio de detalle de todo o bordo litoral.

Unha vez se proceda á demolición do actual edificio do Náutico, determinar, no marco dese estudio de detalle, cos procedementos de información e participación pública, os usos da parcela, incluídos, no seu caso, os complementarios ás dotacións que poidan localizarse no ámbito. Asemade, estudarase a viabilidade urbanística e económica da execución dunha área de piscinas descubertas no ámbito do actual sistema xeral de espazo libre”.

Visto o escrito presentado o 18/08/2020 (registro de entrada número 202099900002231), a modo de recurso de reposición por D^a. María Soraya Salorio Porral, polo que se impugna o acordo “tomado en el Pleno celebrado el 20 de julio de 2020 al contener justificaciones falsas y las previsiones de actuaciones contrarias al ordenamiento jurídico. En el caso de que no se declare la nulidad de dicho acuerdo, nos reservamos la posibilidad de acudir a la jurisdicción Contencioso-administrativa” (TEDeC 2020/Q002/000006). Máis recentemente, consta escrito presentado o 17/11/2020 (registro de entrada número 202099900003926) por D^a. María Soraya Salorio Porral, polo que solicita “acceso y copia del expediente que contenga las actuaciones llevadas a cabo con motivo de nuestra iniciativa que impugna los acuerdos del pleno de 20 de julio (TEDeC 2020/X005/000149). Considerando o informe do Técnico de Administración Xeral de Urbanismo e Medio Ambiente de 7 de decembro de 2020.

Por todo o anterior, veño en PROPOÑER a adopción do seguinte acordo:

1º.- Desestimar o recurso de reposición interposto o 18/08/2020 (registro de entrada número 202099900002231) por D^a. María Soraya Salorio Porral contra o acordo do 20 de xullo de 2020.

2º.- Notificar este acordo aos que resulten interesados.

Non obstante, o Pleno do Concello acordará o que estime máis conveniente.

Votado o asunto o resultado foi o seguinte, tendo en conta o voto ponderado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: 2 (2 PSOE).

Resultando ditaminado favorablemente a adopción polo Pleno do seguinte acordo:

1º.- Desestimar o recurso de reposición interposto o 18/08/2020 (registro de entrada número 202099900002231) por D^a. María Soraya Salorio Porral contra o acordo do 20 de xullo de 2020.

2º.- Notificar este acordo aos que resulten interesados>>.

Comeza o sr. Alcalde sinalando que se vai emendar e engadir ao acordo do 20.07.2020, cunha redacción que é acorde cos informes emitidos para a resolución do recurso de reposición interposto, que é a seguinte:

“O bordo litoral urbano de Sada precisa de reordenación, acondicionamento e accesibilidade, a posta en valor para unha mellor integración litoral-espazo urbanizado, e unha recuperación dos valores ambientais e paisaxísticos.

Unha vez se proceda á demolición do actual edificio do Náutico, determinar, cos procedementos de información e participación pública, unha proposta de reordenación do actual sistema xeral de espazo libre, incluíndo a execución dunha área de piscinas descubertas en dito ámbito, previa avaliación da súa viabilidade urbanística e económica.



A tales efectos formularanse os instrumentos de planeamento ou, no seu caso, modificación dos actualmente vixentes, que sexan necesarios e se axusten aos obxectivos xerais e específicos das actuacións anteriormente sinaladas”.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) sinala que non coñecen esa emenda, que hai unha moción posterior, aclara que SM quere tirar o Náutico por un tema de simbolismo político, non polo interese xeral, se fose polo interese da veciñanza tería encargado un informe de viabilidade aos técnicos municipais, para poder valorar o custe-beneficio da súa recuperación, e ter unha infraestrutura cen por cen municipal nun enclave privilexiado, que podería ser utilizada como centro de observación da fauna, como palco aberto, os espazos soterrados como locais para as asociacións, etc., iso habería que facelo agora. O BNG e AV están presos nun pacto de Goberno para manter o cargo de concelleiro/a, polo que en Xunta de Goberno Local do día 17, e antes de que o Pleno resolva o recurso, xa aprobaron o proxecto técnico de demolición, a pesares de que coñecen o informe do Arquitecto Municipal, que di que o estudo de detalle aprobado no Pleno do 20.07.2020 non se axusta á Lei do solo de Galicia, e engade que se hai vontade política é posible que o edificio sexa recuperado para destinalo a fins sociais da veciñanza de Sada, polo que o dito informe sinala que pode haber outras alternativas, polo que para deixar claro que eles non queren prevaricar, que non actúan por simbolismo político, senón por interese xeral dos sadenses, dende o grupo municipal do PSOE queren propór que se encargue un informe de viabilidade e de custe-beneficio aos técnicos municipais, para así tomar a decisión máis axeitada de acordo cos intereses dos veciños, por iso votaron en contra do acordo plenario do 20.07.2020, porque é preferible construír que destruír, e pon o exemplo do Centro de Formación de Osedo, que leva sen tellado ano e medio, ou a nova parada de autobús que vai facer parar o autobús nun carril de circulación, polo que votarán en contra da desestimación do recurso de reposición.

A sra. Salorio Porral (PP) pregunta se era erróneo o acordo adoptado o 20.07.2020, e sinala que non son formas a maneira de presentar a emenda, senón que o correcto sería anular ese acordo, e traer outro punto ao Pleno, e lembra que á proposta de acordo plenario do 20.07.2020, solicitado polo PP e polo PSOE, o Goberno Municipal aprobou unha emenda á totalidade, que agora pretende modificar, e o 18 de agosto o grupo municipal do PP impugnou ese acordo, por conter xustificacións falsas e a previsión de actuacións contrarias ao ordenamento xurídico, polo que é nulo de pleno dereito, porque logo da demolición, como non se recolleu no Plan Xeral o Náutico como equipamento, unha vez demolido, xa non hai parcela á que asignarlle uso, polo que eses terreos pasarían a formar parte do sistema xeral de espazos libres, e engade que figuran no expediente varios informes, de Secretaría de 23 de novembro e 14 de decembro, no primeiro require informe do Arquitecto por tratarse de cuestións técnicas, o segundo non analiza o recurso de reposición; informe do Arquitecto Municipal, do 11 de decembro, que conclúe que o estudo de detalle non se adecúa a Lei do solo de Galicia, polo que procedería anular o acordo plenario do 20.07.2020, dándolles a razón, e tamén que sería precisa a re-cualificación do bordo litoral, polo que se tumban as piscinas que quería o BNG, en canto á demolición suliña que non existe ningún informe que valide a demolición integral do Náutico e que avale a destrución do patrimonio público, sendo esta unha decisión meramente política, contraria ao interese xeral; outro informe é o do seu técnico, recentemente incorporado, o novo técnico de Administración Xeral de Urbanismo e Medio Ambiente, do 7 de decembro, realizado en tempo récord, o mesmo día da súa incorporación, sen ter en conta o informe do Arquitecto Municipal, non responde a súa impugnación, e non defende que o acordo por eles impugnado sexa legal, e a adxudicación deste posto está recorrida no contencioso-administrativo ao considerala o sindicato USO nula de pleno dereito e manifestamente ilegal, ao acusar ao sr. Alcalde de realizar unha convocatoria “ad hoc” para outorgar o posto ao candidato elixido anteriormente, polo que todos os seus informes poderían decaer e ser nulos, este informe non rebate ningún fundamento e non se ampara en ningún dos supostos de nulidade de pleno dereito, e non quixo ver as cinco veces que se lle recorda a nulidade de pleno dereito do acordo do 20.07.2020, que non é acorde á lei, é nulidade de pleno dereito, acordo que vulnera Lei do solo de Galicia, que é un informe prematuro, infundado e que podería ser nulo de pleno dereito, de prosperar o recurso contra o seu nomeamento, polo que lle pide ao Goberno Municipal que non adopten unha decisión inxusta e contraria ao ordenamento xurídico e á lei a sabendas de que o é, de sabios é rectificar, polo que, de non facelo se estarían avalando as falcatuadas das que se lle acusa ao sr. Alcalde en Fiscalía.



O sr. Alcalde resposta que, con independencia do informe do Arquitecto, levan 28 anos cunha licenza anulada, e todos os Gobernos do sr. Rodríguez Ares que intentaron legalizar esa parcela como equipamento público, no documento de Avance do Plan Xeral, que foi tumbado pola Xunta de Galicia, e cando se aprobou inicialmente o PXOM o PP e o PDSP había un sistema xeral de espazo libre, tal e como se atopa actualmente agora mesmo, pero dende Anova anunciaron que na aprobación inicial do PXOM non se legalizaba o edificio do Náutico, e non se presentou alegación ningunha. Lémbrralle que o anterior TAX de Urbanismo foi concelleiro, concelleiro do PP no Concello de Sada, e nunca ninguén cuestionou os informes dese técnico, fose cal fose a súa ideoloxía, pero parece que cando os técnicos non son do PP, eles cuestionan os seus informes técnicos, técnico que no 2014 emitiu un informe no que dixo que o Náutico era ilegalizable, co ordenamento xurídico e co Plan Xeral aprobado inicialmente, aprobado polo PP; en canto á convocatoria do proceso, fíxose por concurso público, cun baremo obxectivo, publicado e só se presentou un funcionario, e a duración da comisión de servizos axústase á normativa legal, fixa unha duración máxima dentro do límite legal, entenden que non hai materia penal, nin infracción administrativa, e xa hai dous procesos na vía penal e na vía administrativa e eles determinarán se hai algún tipo de infracción.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) recorda que o Alcalde fala de informes de 2014, rectificar é de sabios, e agora hai informe do Arquitecto Municipal, que aconsella facer unha modificación puntual do PXOM, por iso, expoñen non aprobar a desestimación do recurso de reposición.

A sra. Salorio Porral (PP) menciona que é preciso aclarar se van votar a favor ou non de anular o acordo plenario do 20.07.2020, e non se debe confundir a carencia de título habilitante da construción do Náutico coa falta de ordenación do ámbito, o Náutico carece de título habilitante e hai que darllo ou demolelo, algúns optan por darllo non demolelo, utilízalo e non telo sucio e abandonado como ocorre actualmente, un edificio que é público dende 2015 cando o PXOM é do 2017, e engade que pediron copia e acceso ao expediente completo fai máis de dous meses, porque hai máis informes dos que lles chegaron, e non tiveron constancia ata a convocatoria da sesión plenaria anterior, e pide aclarar qua han votar.

O sr. Alcalde aclara que se vai votar desestimar o recurso de reposición presentado polo PP por carecer dos requisitos formais e, baseándose nos informes dos técnicos municipais, emendan o acordo do 20.07.2020, pola emenda lida anteriormente polo Alcalde.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) quere que o Secretario Accidental se pronuncie se é posible que se adopte este acordo aínda que non estea na Orde do Día.

O sr. Secretario Accidental respóndelle que hai unha proposta municipal da Comisión Informativa Xeral do 22-12-2020, ao que se lle está realizando unha emenda por SM, volvendo a cambiar o acordo plenario do 20-07-2020.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 7 (5 PP e 2 PSOE).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

1º.- Desestimar o recurso de reposición interposto o 18/08/2020 (registro de entrada número 202099900002231) por D^a María Soraya Salorio Porral contra o acordo do 20 de xullo de 2020, que queda redactado do modo seguinte:

“O bordo litoral urbano de Sada precisa de reordenación, acondicionamento e accesibilidade, a posta en valor para unha mellor integración litoral-espazo urbanizado e unha recuperación dos valores ambientais e paisaxísticos.

Unha vez se proceda á demolición do actual edificio do Náutico, determinar, cos procedementos de información



e participación pública, unha proposta de reordenación do actual sistema xeral de espazo libre, incluíndo a execución dunha área de piscinas descubertas no dito ámbito, previa avaliación da súa viabilidade urbanística e económica.

A tales efectos formularanse os instrumentos de planeamento ou, de ser o caso, modificación dos actualmente vixentes, que sexan necesarios e se axusten aos obxectivos xerais e específicos das actuacións anteriormente sinaladas”.

2º.- Notificar este acordo aos que resulten interesados.

3º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Resolucións da Alcaldía ditas dende o 23 de novembro (núm. 2.522) ata o 21 de decembro do 2020 (núm. 2.804).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día 23 de novembro (núm. 2.522, do expediente 2020/G003/002665) ata o 21 de decembro do 2020 (núm. 2.804, do expediente 2020/G003/002941), que foron postas de manifesto á secretaria da Corporación.

O sr. Alcalde lembra que a convocatoria desta sesión plenaria viña motivada pola adxudicación do contrato de servizo da escola infantil, pero a adxudicataria non achegou a documentación e desistiu desta contratación.

B.- Mocións.

B.1.- Moción do GM do PP para que se acometa a limpeza do cauce e das marxes da “canle sur” do río da Ponte.

A sra. García Freire (PP) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia da moción por unanimidade.

A continuación, a sra. García Freire (PP) dá lectura á moción:

<<Dña Soraya Salorio Porral, con documento nacional de identidade número 32.450.502D, Portavoz del grupo municipal del Partido Popular en el Ayuntamiento de Sada, domiciliada en Seixeda - Osedo 28, CP15168 Sada, en nombre y representación del mismo, en base a lo dispuesto en el art. 64.1 del R.O.M, en tiempo y plazo oportunos para su debate y aprobación si procede por el pleno de esta corporación, presenta la siguiente:

MOCIÓN PARA QUE SE ACOMETA LA LIMPIEZA DEL CAUCE Y MARGENES DEL “CANAL SUR” O RIO DA PONTE EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde la inundación de 30 de marzo de 2016, existe una creciente demanda vecinal acerca de la limpieza de los ríos en su proximidad a los tramos soterrados que atravesando el núcleo urbano desembocan en el mar. Hace poco tiempo se limpió el tramo urbano descubierto del río Mayor.

Sin embargo, no se limpia desde hace años el “canal sur”, también denominado río da Ponte, mostrando un estado asilvestrado entre el puente y la laguna. Además de hojas, ramas, y áridos arrastrados al canal, pueden observarse al menos cinco árboles de tamaño medio caídos sobre él. En la misma situación se encuentran los márgenes del canal, que además presenta numerosa vegetación.

Los canales y ríos, especialmente en estos tramos, deben mantenerse limpios y libres de obstáculos, para que por un lado el flujo del agua garantice su capacidad de desagüe, y por otro se eviten arrastres de material al interior de los tramos cubiertos.

Considerando que está por venir la estación más lluviosa del año, es necesaria la limpieza de este canal sur.

ACUERDO

Se acometa urgentemente la limpieza del “Canal sur”, también denominado río da Ponte, para garantizar su capacidad de desagüe y



evitar arrastres que provoquen posibles obstrucciones en los tramos cubiertos del rio>>.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) está de acordo en que o leito se manteña da mellor maneira posible, pero a súa dúbida é se vai dirixida ao Concello ou a Augas de Galicia.

A sra. Reimúndez está de acordo co PP e coa incerteza que expón AV, e debería ser máis un rogo que unha moción.

O sr. Blanco Montero (PSOE) sinala que cómpre que se limpe, é unha moción, aínda que podería ser un rogo, votarán a favor.

O sr. Fariña Andrade (SM) sinala que o Tribunal Supremo na súa sentenza do 1982/1997 establece que é competencia dos concellos a limpeza dos tramos urbanos dos ríos, trátase dun tramo duns 70 metros, competencia do Concello de Sada, existindo unha serie de instrucións de Augas de Galicia, solicitando autorización para eses traballos menores, limpeza dentro do leito e retirada de árbores, pero se son valados, servidume de cinco metros a cada lado da canle, polo que solicitarán autorización a Augas de Galicia.

O sr. Alcalde aclara que unha cousa é retirar os posibles obstáculos e cando se fala de vexetación hai vexetación que ten que permanecer no leito do río, tanto para diminuír a velocidade cara o núcleo urbano, como mellorar a calidade das augas, polo que se levarán a cabo as actuacións en coordinación con Augas de Galicia para evitar que se poida danar o ecosistema.

A continuación procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte ACORDO:

Único.- Que se acometa urxentemente a limpeza da “Canle sur”, tamén denominada río da Ponte, para garantir a súa capacidade de desaugadoiro e evitar arrastres que provoquen posibles obstrucións nos tramos cubertos do río.

A sra. García Freire (PP) láíase de que o sr. Alcalde non a deixou intervir.

O sr. Alcalde sinala que xa se votou.

A sra. García Freire (PP) quere matizarlle á sra. Nogareda Marzoa que o tramo entre a ponte e a lagoa se corresponde coa canle executada co recheo, constando autorización de Augas de Galicia en 2005, existindo obriga do Concello de Sada de mantela limpa polo menos unha vez ao ano; á sra. Reimúndez Suárez que é unha declaración de intencións, que non debería de ser necesaria, e ao sr. Alcalde que é básico e prioritario para un bo goberno, e engade que agora as *trampillas* están abertas, por iso Sada non se inunda como en marzo de 2016, nunca como ese día, e un sábado do ano pasado veu, ao sr. Alcalde, fronte a Correos, abrindo a *trampilla*.

O sr. Alcalde lembra que han votar a favor, e hoxe saíu a avaliación despois da APRSI, e o 12 de maio de 2016 fíxose a primeira proposta, porque Sada se inunda, porque non se trata de abrir ou pechar *trampillas*, hai que limpar os leitos, sendo preciso adoptar medidas estruturais, non sendo esta.

A continuación procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte ACORDO:

Único.- Que se acometa urxentemente a limpeza da “Canle sur”, tamén denominada río da Ponte, para garantir a súa capacidade de desaugadoiro e evitar arrastres que provoquen posibles obstrucións nos tramos cubertos do



río.

B.2.- Moción do GM do PSOE sobre a recualificación do litoral do núcleo urbano.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) xustifica a urxencia da moción.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia da moción por unanimidade.

A continuación, a sra. Pardo Fafián (PSOE) dá lectura á moción:

<<Dna. María Pardo Fafián voceira do Grupo Municipal Socialista do Concello de Sada ao abeiro do artigo 64.1 do ROM presenta para a súa consideración no Pleno a seguinte

MOCIÓN SOBRE A RECUALIFICACIÓN DO LITORAL DO NÚCLEO URBANO.

Exposición de motivos

O informe do Arquitecto Municipal de data 11 de decembro de 2020 motivado polo Recurso de Reposición presentado por Dna. Soraya Salorio fronte ao acordo da sesión plenaria do 20.07.2020, entre outras cousas refire:

“As actuacións de recualificación do litoral urbano de Sada, limitadas polo PXOM ao ámbito do PEID “Paseo Marítimo”, considéranse insuficientes para acadar unha recualificación significativa do litoral urbano da vila.

Para corrir esta deficiencia debería redactarse unha modificación puntual do PXOM, que amplíe a delimitación actual do PEID, incluíndo o ámbito correspondente ao SXEL 06-12, ao SXE de 06-11, e o treito da rúa da Praia composto polo sistema local viario e SXEL 06-13, dotando a esta franxa do litoral do núcleo dun tratamento homoxéneo no que se refire tanto á súa fachada edificada como ás diferentes dotacións situadas entre o núcleo e a ribeira do mar.

O marco desta modificación puntual reuniría as condicións idóneas para estudar a posibilidade de ordenar un novo equipamento deportivo, correspondente ás novas zonas de baño descubertas no ámbito do SXEL 06-12.”

Tamén indica que o estudo de detalle acordado na sesión plenaria de 20.07.2020, non se axusta ás determinacións dos artigos 192 do RLSG e 79 da LSG.

Somos coñecedores do Pacto de Goberno existente, e nese pacto recóllense entre outros asuntos a demolición do edificio “O Náutico” e a construcións das “Piscinas descubertas”. Segundo o informe que agora coñecemos do Arquitecto Municipal, resulta precisa a modificación puntual do PXOM para conquistar que se materialice o acordado no devandito pacto, e xa vamos pola metade do segundo ano da lexislatura.

Por todo ilo propoñemos a adopción dos seguintes Acordos por parte do Pleno Municipal:

1.-Iniciar o procedemento para a modificación puntual do PXOM que amplíe a delimitación actual do PEID, incluíndo o ámbito correspondente ao SXEL 06-12, ao SXE de 06-11, e o treito da rúa da Praia composto polo sistema local viario e SXEL06-13, dotando a esta franxa do litoral do núcleo dun tratamento homoxéneo no que se refire tanto á súa fachada edificada como ás diferentes dotacións situadas entre o núcleo e a ribeira do mar.

2.-Atrasar todas as actuacións pretendidas nos espazos comprendidos na modificación puntual, namentres non se aprobe a devandita modificación>>.

Comeza o sr. Alcalde sinalando que existe unha emenda á moción presentada polo PSOE, que se corresponde co texto do acordo plenario adoptado anteriormente, que é o seguinte:

<<O bordo litoral urbano de Sada precisa de reordenación, acondicionamento e accesibilidade, a posta en valor para unha mellor integración litoral-espazo urbanizado e unha recuperación dos valores ambientais e paisaxísticos.

Unha vez se proceda á demolición do actual edificio do Náutico, determinar, cos procedementos de información e participación pública, unha proposta de reordenación do actual sistema xeral de espazo libre, incluíndo a execución dunha área de piscinas descubertas no dito ámbito, previa avaliación da súa viabilidade urbanística e económica.

A tales efectos formularanse os instrumentos de planeamento ou, de ser o caso, modificación dos actualmente vixentes, que sexan necesarios e se axusten aos obxectivos xerais e específicos das actuacións anteriormente sinaladas>>.

A sra. Soraya Porral (PP) anuncia que tamén han introducir unha emenda, porque a protección dos valores ambientais e paisaxísticos non son obxecto do PEID, e a declaración do BIC o 30-01-2020 obriga á reordenación da contorna da Terraza, polo que a súa proposta é a seguinte:



<<1.- Iniciar o procedemento para a modificación puntual do PXOM que inclúa os obxectivos de protección e que amplíe a delimitación actual do PEID, pasando a denominarse PEPRID (Plan Especial de Protección de Infraestruturas e Dotacións), incluíndo o ámbito correspondente ao SXEL 06-12, ao SXE de 06-11, e o treito da rúa da Praia composto polo sistema local viario e SXEL06-13, dotando a esta franxa do litoral do núcleo dun tratamento homoxéneo no que se refire tanto á súa fachada edificada como ás diferentes dotacións situadas entre o núcleo e a ribeira do mar.

2.- Atrasar todas as actuacións pretendidas nos espazos comprendidos na modificación puntual, namentres non se aprobe a devandita modificación>>.

A sra. Salorio Porral (PP) continúa lembrando que hai tres anos aprobaron o Plan Xeral que non requiría redacción do bordo litoral, tampouco o considerou o equipo redactor, nin tampouco a Xunta de Galicia, e o Arquitecto Municipal considera que é un erro, baseándose na súa interpretación do Plan de Ordenación do Litoral.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) sorpréndese de que o BNG non teña nada que dicir, porque o sr. Alcalde di que se vai demoler o Náutico, e logo se vai facer unha avaliación urbana e económica do tema das piscinas, asunto que formou parte do pacto de Goberno, co que o BNG cedeu no tema do derrubo do Náutico a cambio da construción das piscinas, sobre o cal había un proxecto que nunha sesión plenaria anterior o mesmo sr. Alcalde dixera que estaba feito e pagado o dito proxecto, pero primeiro avaliarase económica e urbanisticamente, e están de acordo coa emenda do PP.

A sra. Salorio Porral (PP) sinala que non aceptan a emenda de SM, pero se se acepta a súa emenda votarán a favor, se non absteranse.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) intervén por alusións e indica que asinaron un pacto de Goberno, no que non é mellor decisión, e teñen os seus postos de traballo e un compromiso coa sociedade, e queren ser unha alternativa a un goberno progresista, hai un proxecto feito e pagado, que avala a viabilidade urbanística das piscinas, asinado por todo o Goberno, pero coa situación actual de pandemia e o gasto social que teñen agora igual hai que revisar a magnitude dos proxectos.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) reitera que o sr. Alcalde falou de previa avaliación urbanística e económica, e na situación de pandemia os recursos propios do concello, en vez de destruír hai que construír, polo que en vez de quedar o proxecto das piscinas no caixón, poderían empregarse os 200.000 euros do derrubo do Náutico para outros proxectos, e pasará como no Centro de Formación Ocupacional, e que o pacto de Goberno é papel mollado.

O sr. Alcalde sinala que o pacto de Goberno non é papel mollado, senón que están a aprobar o mesmo que no punto anterior.

A continuación procédese á votación da emenda do PP, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 7 (5 PP e 2 PSOE).
- Votos en contra: 10 (6 SM, 2 BNG e 2 AV).
- Abstencións: Non se produciron.

Queda rexeitada a dita emenda por maioría absoluta.

A continuación procédese á votación da emenda de SM, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 10 (6 SM, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 7 (5 PP e 2 PSOE).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Único.- O bordo litoral urbano de Sada precisa de reordenación, acondicionamento e accesibilidade, a posta en valor para unha mellor integración litoral-espazo urbanizado e unha recuperación dos valores ambientais e paisaxísticos.



Unha vez se proceda á demolición do actual edificio do Náutico, determinar, cos procedementos de información e participación pública, unha proposta de reordenación do actual sistema xeral de espazo libre, incluíndo a execución dunha área de piscinas descubertas no dito ámbito, previa avaliación da súa viabilidade urbanística e económica.

A tales efectos formularanse os instrumentos de planeamento ou, de ser o caso, modificación dos actualmente vixentes, que sexan necesarios e se axusten aos obxectivos xerais e específicos das actuacións anteriormente sinaladas.

B.3.- Moción do GM do SM sobre o Pazo de Meirás: xestión e usos.

O sr. Fariña Andrade (SM) xustifica a urxencia da moción.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) anuncia que han presentar unha emenda.

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 5 (5 PP).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia da moción por maioría absoluta.

A continuación, o sr. Fariña Andrade (SM) dá lectura á moción:

<<D. Xosé Fernando Fariña Andrade voceiro do Grupo Municipal Sadamaioría presenta, ao abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (Real Decreto 2568/1986) a seguinte Moción sobre

PAZO DE MEIRÁS, XESTIÓN E USOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- A sentenza do Xulgado de 1ª instancia de A Coruña do pasado 2 de setembro supuxo un fito histórico para a memoria democrática, para a recuperación da verdade e para a reparación das vítimas da represión franquista.

A relación de feitos e de fundamentos contidos na dita sentenza son tamén un recoñecemento do acontecido no Pazo de Meirás, o resultado dun espolio forzado e instrumentalizado polos aparellos do estado ditatorial co obxectivo de entregar o Pazo ao xefe dun Estado xurdido dun levantamento militar golpista.

E para que tal verdade tivera pleno recoñecemento e efectos, expresada agora en forma de sentenza xudicial, foi preciso un labor teimudo, tan persistente como dificultoso, de moitas persoas, entidades e colectivos. O esforzo de historiadores e investigadores como os sadenses Carlos Babío e Manuel Pérez, e o seu libro “Meirás : un Pazo, un espolio, un caudillo”, fundamental para a proba de antecedentes cos que se artellou a demanda xudicial. E o labor incansable de entidades e asociacións cívicas, de memoria histórica, como, entre outras, as da Comisión para a Recuperación da Memoria Histórica e Democrática (CRMH), tamén foi transcendente aos efectos non so de reivindicar a memoria das vítimas da represión, senón tamén de demandar a verdade sobre o acontecido no Pazo e obxectivo de devolución do mesmo ao patrimonio público.

É de xustiza recoñecer, por tanto, ese labor de persoas e asociacións e entidades que contribuíron ao esforzo colectivo que deu lugar á sentenza do 2 de setembro e a todo o proceso posterior que permitiu que, aínda en fase provisional, se anulasen os títulos de propiedade que detentaban os herdeiros do ditador, e se revertese o Pazo ao patrimonio público.

2.- Mais tamén foi relevante o papel das distintas Administracións públicas, e dentro delas a do propio Concello de Sada, que contribuíu primeiro á promoción da declaración BIC no 2008, e despois a instar e solicitar do Estado a interposición das accións cívicas e xudiciais oportunas, un proceso no que o propio Concello de Sada foi a primeira en solicitar seu persoamento como parte coadjuvante.

Como tamén o Concello de Sada participou activamente nas iniciativas que desde a Deputación Provincial, coa Xunta Pro-devolución do-Pazo, ou desde o Parlamento de Galiza, coa constitución da Comisión de expertos (na que formou parte, en representación municipal, o concelleiro Francisco Montouto) tiñan como obxectivo básico o que agora é realidade, un Pazo de Meirás patrimonio público.

3.- Tamén é preciso lembrar que esta Corporación ten demandado de xeito reiterado a asunción polo Concello da xestión do réxime de visitas.

A tal efecto, no Pleno municipal extraordinario de 12 de agosto de 2017, esta Corporación acordou, entre outros, o de apoiar iniciativas anteriores (xa desde o 2015, desde a concellaría de turismo) de “instar á Xunta de Galicia a solicitude de que sexa o Concello de Sada quen xestione o réxime de visitas ao BIC Pazo de Meirás”.



Unha demanda de xestión que debe manterse, agora que é o Estado o titular do inmovible, e que a xestión do Pazo, dos usos, e do seu réxime de visitas deben ser obxecto de Convenio inter-administrativo para este período transitorio e despois para a desexable forma consorcial pública de xestión.

3.- Na actualidade xa ninguén dubida de que a obtención do Pazo de Meirás polo ditador, Francisco Franco, foi resultado da espoliación, a mobilización fozada de recursos e a detención fraudulenta, tal e como se recolle na sentenza. Mais, alén diso, é fundamental que o tratamento que reciba o inmovible, en canto aos usos aos que se destine, deberá recoller todas as vicisitudes históricas que nel se integran, e, neste sentido, é fundamental que dende o inicio se poñan en valor tanto a memoria histórica e democrática como a pegada da vida e obra de Pardo Bazán. As dúas referencias que fundamentaron e delimitaron no 2008 a declaración BIC e a súa categorización como sitio histórico.

Memoria histórica e democrática que integre unha perspectiva específica do noso País, as consecuencias que tivo para o desenvolvemento de Galicia, en todos os eidos, (político, social, cultural....) o alzamento militar e o réxime franquista, en xeral e a propia historia das Torres de Meirás en particular. Uns usos polo tanto vencellados ao recoñecemento, reparación e dignidade das vítimas da represión, da cal o propio Pazo e o proceso de detención por Franco, é un exemplo que tamén debe explicarse e significarse de xeito específico e especial.

E pegada histórica de Emilia Pardo Bazán, para o que é fundamental a permanencia en Meirás dos fondos da súa biblioteca, na actualidade en trámite de declaración BIC. Unha Biblioteca que é representativa da vida e obra dunha escritora de referencia na cultura do noso País, precursora feminista e defensora dos dereitos das mulleres. En relación a isto, hai que destacar que, no propio Anexo descritivo da Biblioteca recollido na Resolución do 20 de novembro de 2020, consta o feito de que a integridade da mesma tivo a súa orixe e localización nas Torres de Meirás, onde permaneceu ata que unha parte dela foi trasladada á Casa Museo-RAG na Coruña, en 1978.

Uns usos básicos ou principais os anteriores, que tamén deben incorporar aqueles outros dotacionais públicos complementarios que podan e deban formar parte da oferta cultural, turística, formativa ou de investigación, etc, que sexan compatibles cos valores BIC do Pazo e axustados ao réxime da lexislación patrimonial e dos instrumentos normativos que, como o propio PXOM de Sada do 2017 e o futuro Plan Especial de Protección delimitan agora, e delimitarán detalladamente no futuro.

4.- Non cabe dúbida que o Estado e a Xunta teñen as súas competencias, pero o Concello de Sada tamén ten as súas, tanto en materia de protección do patrimonio cultural como respecto das competencias urbanísticas e de réxime de usos.

O ordenamento xurídico prevé distintas formas e instrumentos de cooperación inter-administrativa, caso dos Convenios e dos Consorcios. E iso é, e debe ser, independente da Administración que ostente a titularidade xurídica dos inmovibles. Unha titularidade que esta Corporación entende debe ser da Xunta de Galiza, unha vez sexa legalmente viable a súa transferencia desde o Estado, isto é, unha vez sexa firme a sentenza.

En canto á fórmula xurídica de xestión do Pazo de Meirás, o Concello de Sada apostou desde sempre por unha xestión compartida e unha definición de usos resultado do diálogo, a cooperación e a participación, e así o seguirá defendendo; por iso considera o Consorcio Público como a forma máis axeitada, definitiva e de futuro de xestión do inmovible no cal deberá materializarse a cooperación da distintas administracións (Estado, Xunta, Deputación e Concello de Sada).

En fase de execución provisional da sentenza, na que estamos e seguramente estaremos por un tempo, e sendo desexable que o Pazo poda abrir as súas portas á maior brevidade posible, un Convenio inter-administrativo, temporal, co obxecto de regular as competencias das partes respecto da xestión e réxime de usos do Pazo, estímase a forma máis desexable ao interese público común e compartido.

5.- Por último. Relacionado co anteriormente exposto, é preciso destacar que o Concello de Sada, á vista do ante-proxecto de lei de Memoria Histórica, e recoñecendo certos avances de dito proxecto de Lei respecto da lei vixente, lamenta a ausencia de referencia algunha ao pazo de Meirás, tanto na súa exposición de motivos como, en especial, na parte dispositiva. Ao respecto, se ben resulta positiva a previsión dunha auditoría dos bens espoliados polo franquismo, o Pazo de Meirás, pola súa relevancia e significado históricos, é merecente dun tratamento específico no proxecto de Lei, tal e como acontece, coas obvias diferencias, co Val dos Caídos. Así pois, o Concello de Sada agarda que no trámite parlamentario se inclúa unha Disposición referida ao Pazo de Meirás pois, o feito de que a sentenza pola que se anulan os títulos de propiedade dos Franco e a incorporación do Pazo ao patrimonio do Estado non sexa firme, non impide que se incorpore á nova Lei unha referencia expresa ao Pazo e ao seu destino e usos futuros, tanto como disposición adicional como transitoria.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal de Sadamaioría somete a debate e votación a seguinte **MOCIÓN** para ser aprobada en Pleno:

O Pleno da Corporación do Concello de Sada ACORDA :

1º. Recoñecer publicamente o labor de historiadores/as e investigadores/as, así como de todas aquelas persoas e entidades e asociacións de memoria histórica, que contribuíron durante moitos anos ao esforzo colectivo de recoñecemento da memoria das vítimas da ditadura franquista, do espolio de bens, e ao obxectivo de recuperación e incorporación do Pazo de Meirás ao patrimonio público.

2º.- Expresar a vontade corporativa da xestión pública compartida do Pazo de Meirás, de acordo cos seguintes criterios e principios :

a) Nesta fase de execución provisional da sentenza, negociar e acordar co Estado, Xunta de Galiza e Deputación Provincial, un Convenio inter-administrativo, temporal, e ata a firmeza da sentenza, co obxecto de regular as competencias, obrigas e responsabilidades das partes respecto da xestión e réxime de usos do Pazo.



Unha vez sexa firme dita sentenza, e no suposto de manterse os pronunciamentos da mesma, acordar a constitución entres as partes antes indicadas dun Consorcio público como instrumento xurídico de xestión de futuro do Pazo de Meirás.

b) Establecer como usos do Pazo de Meirás os da memoria histórica e democrática, así como os valores da vida e obra da escritora Emilia Pardo Bazán, así como a doutros usos dotacionais públicos complementarios e compatibles, con axuste ao réxime patrimonial do Ben de Interese Cultural (BIC) e dos instrumentos de ordenación que lle sexan de aplicación.

c) Salvagardar a integridade da Biblioteca de Emilia Pardo Bazán no sitio histórico das Torres de Meirás, así como a de todos aqueles bens mobles que conforman a súa delimitación de sitio histórico.

d) Na distribución de responsabilidades entre as distintas Administracións, declarar a vontade de asumir por parte do Concello de Sada, entre outras, a da xestión do réxime de vistas do BIC, asegurando a debida cobertura de financiamento da mesma, a concretar no Convenio e posterior Consorcio.

3º.- Demandar do Estado que, unha vez sexa firme a sentenza e depurada a situación xurídico-legal das fincas rexistradas do conxunto do Pazo de Meirás, se transfira a súa titularidade á Xunta de Galiza, sen prexuízo da forma consorcial de xestión das mesmas.

4º.- Demandar a inclusión na futura Lei de Memoria Histórica dunha disposición relativa ao Pazo de Meirás, ao seu destino, e aos seus usos futuros, de conformidade co sinalado nos apartados anteriores.

5º.- Dar traslado do presente acordo ao goberno do Estado, da Xunta de Galiza e da Deputación Provincial de A Coruña, así como aos Grupos parlamentarios das Cortes e do Parlamento de Galiza.

6º.- Facúltase á Alcaldía para a execución de debido cumprimento dos presentes acordos>>.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) sinala que teñen una emenda, que poden discrepar cos compañeiros de Goberno, e son leais ao pacto de Goberno, aínda que discrepen, pero considera que non se debe correr e non se deben impoñer obrigas a outras administración, por exemplo se o 70% da biblioteca pertence á Real Academia Galega é preciso que estea no Pazo, por que un consorcio, por que non un convenio, por que someter ao Pleno Municipal algo que non é tan doado, non será mellor presentar una proposta xenérica, propón que se fixen, na parte resolutoria, uns criterios xenéricos compartidos, debendo facerse referencia aos espazos exteriores, pero consideran que é preciso escoitar a todas as partes, e Sada debe corrixir, como dixeron no seu día, a referencia á expropiación forzosa (EF) aos terreos extramuros do Pazo, e explorar os camiños para que tanto a casa das cunchas como os terreos extramuros sexan tamén públicos, porque a sentenza non inclúe eses terreos, sendo a sentenza do Pazo o modelo a seguir, porque eses terreos seguen sendo da familia Franco, sendo a postura do BNG retirar a EF no PXOM, polo que a emenda sería a seguinte:

<< O Pleno da Corporación Municipal de Sada ACORDA, en relación co sistema de xestión e un plan temporal de usos, en tanto non exista sentenza firme, instar ao Alcalde a acordar coa Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia o sistema e xestión do BIC Torres de Meirás no caso de que o Goberno Central opte por compartir a custodia imposta polo xulgado número 1 da Coruña, cedéndolle ao Concello de Sada a xestión das visitas.

Por outro lado, desenvolver, xunto coa Deputación da Coruña e as entidades da memoria histórica un plan temporal de contactos e usos que actúan inclúan, alomenos, usos culturais, relacionados coa historia do Pazo (residencia da escritora Emilia Pardo Bazán), usos turísticos relacionados cos programas de visitas ao Pazo e ao predio, usos relacionados coa memoria histórica, mediante o desenvolvemento dun programa expositivo, informativo, didáctico e divulgativo sobre a represión franquista, o expolio de bens por parte da dictadura e a loita social, política e institucional pola súa recuperación.

Por outro lado, tendo en conta a experiencia da recuperación das edificacións e dos terreos que conforman o actual BIC, instar ao Alcalde a que, desde o Concello de Sada, se inicie un estudo sobre as posibilidades de que a administración competente presente demanda para a recuperación ao patrimonio público das fincas colindantes adquiridas no ano 1938 e posteriores e rexistradas a nome do ditador Franco.

Por outro lado, que se proceda, con carácter urxente, a iniciar os trámites oportunos tendentes a suprimir do Plan Xeral a palabra expropiación refirida aos terreos extramuros do Pazo de Meirás>>.

O sr. Alcalde anuncia que han presentar una emenda transaccional que recolla todos os puntos da moción como da emenda presentada polo BNG, que é a seguinte:

<<O Pleno da Corporación Municipal de Sada ACORDA:

1º. Recoñecer publicamente o labor de historiadores/as e investigadores/as, así como de todas aquelas persoas e entidades e asociacións de memoria histórica, que contribuíron durante moitos anos ao esforzo colectivo de recoñecemento da memoria das vítimas da ditadura franquista, do expolio de bens, e ao obxectivo de recuperación e incorporación do Pazo de Meirás ao patrimonio público.

2º.- Expresar a vontade corporativa da xestión pública compartida do Pazo de Meirás, de acordo cos seguintes criterios e principios :

a) Nesta fase de execución provisional da sentenza, negociar e acordar co Estado, Xunta de Galiza e Deputación Provincial, un Convenio inter-administrativo, temporal, e ata a firmeza da sentenza, co obxecto de regular as competencias, obrigas e responsabilidades das partes respecto da xestión e réxime de usos do Pazo.



Unha vez sexa firme dita sentenza, e no suposto de manterse os pronunciamentos da mesma, acordar a constitución entres as partes antes indicadas dun Consorcio público como instrumento xurídico de xestión de futuro do Pazo de Meirás.

b) Establecer como usos do Pazo de Meirás os da memoria histórica e democrática, así como os valores da vida e obra da escritora Emilia Pardo Bazán, así como a doutros usos dotacionais públicos complementarios e compatibles, entre eles os turísticos, con axuste ao réxime patrimonial do Ben de Interese Cultural (BIC) e dos instrumentos de ordenación que lle sexan de aplicación.

No programa de usos relacionados coa memoria histórica incluírase o desenvolvemento dun programa expositivo, informativo, didáctico e divulgativo sobre a represión franquista, o expolio de bens por parte da dictadura e a loita social, política e institucional pola súa recuperación.

Asegurarse, na definición e uso de actividades, a participación e colaboración das asociacións de recuperación da memoria histórica.

c) Salvaguardar a integridade da Biblioteca de Emilia Pardo Bazán no sitio histórico das Torres de Meirás, así como a de todos aqueles bens mobles que conforman a súa delimitación de sitio histórico.

d) Na distribución de responsabilidades entre as distintas Administracións, declarar a vontade de asumir por parte do Concello de Sada, entre outras, a da xestión do réxime de vistas do BIC, asegurando a debida cobertura e financiamento da mesma, a concretar no Convenio e posterior Consorcio.

3º.- Demandar do Estado que, unha vez sexa firme a sentenza e depurada a situación xurídico-legal das fincas rexistradas do conxunto do Pazo de Meirás, se transfira a súa titularidade á Xunta de Galiza, sen prexuízo da forma consorcial de xestión das mesmas.

4º.- Demandar a inclusión na futura Lei de Memoria Histórica dunha disposición relativa ao Pazo de Meirás, ao seu destino, e aos seus usos futuros, de conformidade co sinalado nos apartados anteriores.

5º.- Demandar do Estado que se estude a viabilidade xurídica do exercicio das accións legais oportunas co obxecto de incorporar, ao patrimonio público, as fincas extramuros do Pazo, actualmente detentadas polos herdeiros do dictador.

6º.- Dar traslado do presente acordo ao goberno do Estado, da Xunta de Galiza e da Deputación Provincial de A Coruña, así como aos Grupos parlamentarios das Cortes e do Parlamento de Galiza.

7º.- Facúltase á Alcaldía para a execución de debido cumprimento dos presentes acordos>>.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) sinala que hai discrepancias debatidas e argumentadas de maneira educada son signos de sanidade democrática, e alégrase de que haxa discrepancias, e concordan coa emenda do BNG, considera que o Concello de Sada ten moito que dicir, que Meirás é un símbolo que estivo, está e estará no corazón e na cabeza de todos os sadenses, pero toca o momento de ser prudentes, e haberá que esperar a ver como acaba para saber que se pode e non se pode facer, pero que ten que ser obxecto dun amplo debate.

A sra. Reimúndez Suárez (BNG) suliña que despois do Pazo hai que recuperar a casa das cunchas e os terreos extramuros e non se pode deixar a porta aberta á expropiación de ningún modo e votarán en contra da emenda transaccional.

O sr. Blanco Montero (PSOE) refírese que votaron a urxencia da moción, non porque sexa urxente, senón pola importancia que ten o Pazo de Meirás para o concello, dende o punto simbólico, político e económico, sendo un tema importante que, polo nivel de discrepancia existente, debería deixarse sobre a Mesa ou retirarse a moción, tratándose dun tema no que deben participar todos os grupos municipais, sen prexuízo de agradecer o labor dos historiadores/as e investigadores/as, como sinala a propia moción, propoñendo que se retire a moción.

O sr. Tellado Villares (PP) dá lectura á declaración das Torres de Meirás como BIC, como sitio histórico. Continúa que se trata dun texto positivo e integrador sobre o seu pasado histórico, e amosa fotografías do parque infantil de Meirás, e anuncia que emendan o texto da moción, quedando así:

<<O Pleno da Corporación do Concello de Sada ACORDA:

1º. Recoñecer publicamente o labor de historiadores/as e investigadores/as, así como de todas aquelas persoas e entidades e asociacións de memoria histórica, e ao obxectivo de recuperación e incorporación do Pazo de Meirás ao patrimonio público.

2º.- Expresar a vontade corporativa da xestión pública compartida do Pazo de Meirás, de acordo cos seguintes criterios e principios:

a) Establecer como usos do Pazo de Meirás os da memoria democrática, así como os valores da vida e obra da escritora Emilia Pardo Bazán, así como a doutros usos dotacionais públicos complementarios e compatibles, con axuste ao réxime patrimonial do Ben de Interese Cultural (BIC) e dos instrumentos de ordenación que lle sexan de aplicación.

b) Salvaguardar a integridade da Biblioteca de Emilia Pardo Bazán no sitio histórico das Torres de Meirás, así como a de todos aqueles bens mobles que conforman a súa delimitación de sitio histórico.



c) *Acordar no seno da comisión técnica integrada polos membros do Goberno do Estado, da Xunta de Galicia, da Deputación da Coruña e do Concello de Sada a fórmula de xestión durante o período previo ás sentenzas definitivas a un plan de usos que posibilite e compatibilice:*

- 1. Usos vencellados á figura de Emilia Pardo Bazán, no eido da cultura e da creación intelectual, así como a promoción da igualdade dado o carácter pioneiro da escritora no ámbito do feminismo.*
- 2. Usos turísticos relacionados cos programas de visitas ao Pazo e ao pedio.*
- 3. Usos relacionados coa memoria histórica relacionados mediante o desenvolvemento dun programa expositivo, informativo, didáctico e divulgativo sobre o réxime franquista, o expolio de bens por parte da dictadura e do ditador e a loita social, política e institucional pola súa recuperación, así como usos que manifesten a superioridade dos valores democráticos fronte ás dictaduras, relatando a historia das Torres de Meirás na súa totalidade.*

3º.- Demandar do Estado que, unha vez sexa firme a sentenza e depurada a situación xurídico-legal das fincas rexistradas do conxunto do Pazo de Meirás, se transfira a súa titularidade á Xunta de Galiza, sen prexuízo da forma consorcial de xestión das mesmas.

4º.- Dar traslado do presente acordo ao goberno do Estado, da Xunta de Galiza e da Deputación Provincial de A Coruña, así como aos Grupos parlamentarios das Cortes e do Parlamento de Galiza.

5º.- Facúltase á Alcaldía para a execución de debido cumprimento dos presentes acordos>>.

Logo de terse debatido o asunto, procédese á votación do texto da emenda presentada polo PSOE, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 (2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 6 (6 SM).
- Abstencións: 5 (5 PP).

Dado que existe empate, vólvese a votar a emenda presentada polo PSOE, obténdose de novo o seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 (2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 6 (6 SM).
- Abstencións: 5 (5 PP).

En consecuencia, queda rexeitada polo voto de calidade do Alcalde.

A continuación, procédese á votación do texto da emenda presentada polo PP, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (5 PP).
- Votos en contra: 12 (6 SM, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, procédese á votación do texto da emenda transaccional, que incluía a moción inicial e a emenda presentada polo BNG, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 (6 SM).
- Votos en contra: 11 (5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Abstencións: Non se produciron.

A continuación, procédese á votación do texto da emenda presentada polo BNG, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 4 (2 BNG e 2 AV).
- Votos en contra: 13 (6 SM, 5 PP e 2 PSOE).
- Abstencións: Non se produciron.

Finalmente, procédese á votación do texto da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 6 (6 SM).
- Votos en contra: 11 (5 PP, 2 PSOE, 2 BNG e 2 AV).
- Abstencións: Non se produciron.

Por todo o anterior, non se adopta acordo ningún.



C.- Rogos e preguntas.

O sr. Blanco Montero (PSOE) presenta o seguinte rogo e formula as preguntas seguintes:

1º) Roga que non poden estar no lugar de Carta dez días sen alumeadado público, pode haber tormentas como houbo onte, pero non poden tardar tanto en arranxar as avarías.

1ª) Pregúntalle á sra. Nogareda Marzoa como vai o proxecto da cidade deportiva de Mondego.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) respóndelle que este mes pouco avanzaron, e a Deputación supervisando o proxecto sinala que hai unhas deficiencias ou matices que cómpre emendar ou corrixir, que o arquitecto redactor do mesmo xa coñece. Anuncia que na primeira quincena de xaneiro quere ter unha xunta de voceiros, sobre os orzamentos así como sobre o POS.

2ª) Pregunta polas axudas aos autónomos pola COVID-19, fraccionáronse en catro e estanse a pagar as últimas, algúns aínda non cobraron e se pregunta cal é a causa e fai unha chamada de atención e roga que para as próximas axudas sexan un pouco máis rápidos.

A sra. Rodríguez Pena (BNG) respóndelle que foi unha prioridade absoluta, envorcáronse os recursos do concello, dividíronse en catro para poder ir pagando, sendo estes últimos os que tiveron emenda da documentación, e o último grupo é o quinto que se asinou onte ou antonte.

O sr. Alcalde aclara que a resolución para o pagamento do último grupo asinou onte.

A sra. Rodríguez Pena (BNG) continúa respóndelle que con ese quinto grupo o asunto quedará liquidado.

O sr. Blanco Montero (PSOE) pode entender que haxa os problemas que haxa, pero a cidadanía non pode entender que unha cousa que a priori semella tan sinxela para dar unhas axudas, coas que todos estiveron de acordo, e coas que a burocracia da administración sexa tan lenta, porque hai xente que eses 1.500 euros xa non lle serven de nada, igual xa pechou ou non ten con que pagar as débedas, porque esas axudas eran importantes ao principio, debendo tomar como un reflexión de todos, como servidores públicos que son, uns con máis responsabilidades de goberno que outros, pero tamén dende a oposición, teñen unha responsabilidade importante, teñen que buscar a maneira de acurtar eses prazos, ser máis rápidos neses trámites.

O sr. Alcalde comenta que ten razón, e quere agradecer o traballo inxente que fixeron dende a concellería, e fóra da propia concellería, porque eran unhas bases dunha complexidade enorme, como así recoñeceron os propios solicitantes, foi unha situación sobrevida, sendo Arteixo e Sada os únicos concellos da área metropolitana da Coruña que van executar a totalidade das axudas neste ano, Arteixo moito antes que Sada, agradecendo o traballo inicialmente Lidia Presa, Lidia Hornillo e Marcos o técnico de Cultura, que botou unha man, tamén a outra parte da administración, pero eles levaron o peso do traballo, coa concelleira que foi verdadeiramente inxente.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) formula as preguntas seguintes:

1ª) Pregúntase que ocorre co Centro de Formación Ocupacional, porque levan ano e medio as obras paralizadas, lembra que antes das eleccións municipais estaba sen tellado, xa se dixo en varias ocasións que estaba chovendo sobre os muros, e se dixo que había que facer un proxecto reformado porque o cálculo do formigón non era o preciso, non estando sobrados de espazos públicos municipais e quere que se resposte polo miúdo cal é a situación actual e por que dese edificio municipal.

O sr. Alcalde respóndelle que ten a convocatoria da Xunta de Goberno Local de mañá, sendo o punto número 10 dos 15 que integran a Orde do Día, e vai o proxecto modificado da reforma do Centro de Formación Ocupacional en Osedo.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) reitera a pregunta de por que ano e medio despois, que aconteceu para que botaran ano e medio para facer un proxecto.



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000018

O sr. Alcalde respóndelle que non só é un proxecto, senón que tivo que ir a Patrimonio, porque está catalogado, tivo que ser aprobado tanto polo Concello de Sada, como pola Deputación Provincial porque está incluído no POS 2017, de ahí que se tardou ano e medio, a burocracia e a complexidade son dificilmente entendibles, sendo preciso facer unha serie de xustificacións e de informes para poder seguir.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) pregunta se se plantexa algún tipo de responsabilidade ao equipo redactor do primeiro proxecto.

2ª) Pregunta que, cando se redactou e adjudicou o proxecto dos xardíns do paseo marítimo era para eliminar as piscinas naturais, estivo levantado durante todo o verán, o grupo municipal socialista protestou, porque era mellor facer a obra antes ou esperar a que pasase o verán para comezar esas obras, porque as obras coincidiron co momento no que as persoas puideron desfrutar dos espazos exteriores e do paseo marítimo, e que as obras custaron 625.000 euros, segue habendo piscinas e as charcas enormes, polo que se resposte polo miúdo.

3ª) Pregúntalle ás sras. Nogareda Marzoa (AV) e Mondaca González (SM) que, en relación coa aprobación o 3 de decembro das bases para as axudas para deportistas individuais, para as ANPAS e para os centros escolares, se rebaixa o importe das asociacións en 6.500 euros, entende o grupo socialista que deberían terse aprobado no primeiro trimestre do 2020, porque como se aproban todos os anos, poucas variacións pode haber, por que se atrasou tanto a aprobación desas bases, e aproveita para rogar que as do ano 2021 se aproben no primeiro trimestre de 2021.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) respóndelle que o atraso foron unha serie das circunstancias, porque tanto as subvencións aos deportistas individuais, como aos clubs deron bastante lata, desde o ano pasado, hai unha serie de procesos e de pasos que, como dicía o sr. Blanco Montero (PSOE) antes, a burocracia é excesivamente lenta, e di que que o que intenta a título da súa área propiamente é que no primeiro semestre do seguinte ano se saquen e se poidan levar a cabo, é unha cuestión de mellora no sentido organizativo.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) aproveita para dicir que celebran que vaian mellorar, e pídelle que o fagan, porque aprobar o 3 de decembro unhas subvencións que van dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro parécelles unha falta de xestión e de organización bastante grande.

Por último, celebran que vaia haber unha xunta de voceiros, para acordar os orzamentos, o POS, ou o que haxa que acordar.

A sra. Nogareda Marzoa (AV) di que non lembra se se comentara nunha comisión ou nun pleno anterior.

O sr. Alcalde matiza que nun pleno anterior.

A sra. Pardo Fafián (PSOE) celebra que vaia haber esa xunta de voceiros, que aínda non a houbo, e aproveita para desexar a todos os veciños e veciñas moita saúde, feliz e próspero 2021.

O sr. Alcalde dálle as grazas.

A sra. Salorio Porral (PP) roga que se convirta nun desexo, que o 2021 sexa mellor que o 2020, e felicita o aninovo.

O sr. Alcalde desexa que toda a cidadanía de Sada teña un feliz aninovo.

O contido íntegro das intervencións atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 22 horas e 14 minutos do día martes 29 de decembro do 2020, do que como secretario accidental dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000018

acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.